

Outonía

Educación social e sustentabilidade rural

Obradoiros Infantil e Primaria

2022/23



Índice

Que podes pedirnos?	1
Que vas atopar aquí?	2
Educación emocional, xénero e diversidade	3
Educación ambiental, dinamización e cultura da sustentabilidade	6
Desenvolvemento comunitario e participación social	8
Rurais, patrimonio e identidade	9
Contacta	10



Que podes pedirnos?

- Deseño de propostas para investigación social co alumnado.
- Procesos participativos, creativos e transformadores para mudar a realidade do centro (patios coeducativos, aulas igualitarias, etc.)
- Obradoiros adaptados relacionados coas nosas áreas.
- Acompañamento experiencial na natureza.



Outonía S.Coop.Galega



Somos unha entidade sen ánimo de lucro, liderada e composta por mulleres que apostan polos territorios rurais. A nosa iniciativa medra para crear/acompañar proxectos socioeducativos que falen de igualdade, participación, identidade, coidados e sustentabilidade.

Que vas atopar aquí?

- Un resumo dos nosos principais obradoiros para Infantil e Primaria para o período 2022/23.
- Agrúpanse segundo as áreas de especialización e intervención de Otonía. Para saber máis preme **aquí**.



Obradoiros, que son?



- Espazos para aprender e imaxinar.
- Experienciais e creativos.
- Duración mínima: dúas horas
- Grupos reducidos
- Inclúen materiais

Educación emocional, xéneros e diversidade

Propostas para infantil

Duración: 2 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 165€ (+ desprazamento)

Eu son ⚡

Un obradoiro no que falar do noso corpo, da nosa identidade e do botrato persoal, colectivo e social.

Un mundo de familias ⚡

Coñecer as familias e a súa diversidade dende o xogo simbólico. Coñecer outras realidades e valorar a propia.

Minimundos ⚡

Unha sesión onde traballar os estereotipos e roles de xénero, dende a creación libre e o acompañamento respectuoso.



Propostas para primaria

Duración: 2 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 165€ (+ desprazamento)

Orelas de bolboreta ⚡

Incorporando os recursos literarios, falaremos do autoconcepto e da autoestima, usando a creación artística para repensar o día a día das crianzas.

Que é para min? ⚡

Un obradoiro para responder ás cuestións tabús sobre a sexualidade. Afondando nesta coma un elemento biopsicosocial.



Habitar o corpo ⚡

Abordaremos o corpo coma un compañeiro vital. Compreendendo os modelos de beleza e fomentando a autoestima na infancia.

Rachando roles ⚡

Os estereotipos e roles de xénero intégranse a idades moi temperás. A través deste obradoiro, empregando o xogo para a aprendizaxe e transformación, racharemos con eles e trataremos de integrar a igualdade e diversidade como eixo principal para o desenvolvemento.

Duración: Tres sesións de 2 horas (6 horas)

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 480€ (+ desprazamento)

Viveiros de botrato ⚡

Erotizamos o maltrato, aprender a deconstruílo, crear prácticas cara a prevención das violencias e a cultura de paz, serán as premisas desta proposta.



Educación ambiental, dinamización e cultura da sustentabilidade

Propostas para infantil

Duración: 2 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 165€ (+ desprazamento)

DioLab ⚡

Empregando a técnica dos dioramas, afondamos na natureza, nas problemáticas ambientais, así como na toma de conciencia sobre a crise ecosocial e como afecta ao noso cotiá.

Arte e natureza ⚡

Mediante o xogo libre e a introdución de elementos naturais na aula, xeraremos espazos de encontro e disfrute. Loitando contra o déficit de natureza.



Propostas para primaria

Duración: 2 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 165€ (+ desprazamento)

Escaperoom ambiental ⚡

Retos, xogos, dinámicas e moito nerviosismo! Varias probas para "escapar" da aula e ser quen de descubrir o *ecomisterio*.



Duración: 4 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 500€ (+ desprazamento + IVE)

Instalacións naturais ⚡

Xeramos diferentes escenarios e estruturas onde xogar a imaxinar coa natureza. Tomando contacto e tomando consciencia dos recursos ao noso dispor.

Desenvolvemento comunitario e participación cidadá

Propostas para primaria

Duración: Tres sesións de 2 horas (6 horas)

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 600€ (+ desprazamento + IVE)

Pintámolo patio ⚡

Unha proposta de diagnose participativa coas persoas que conforman o centro educativo; que escoita e permite imaxinar e crear xs máis cativxs. Para transformar o patio dende a coeducación e a resignificación de espazos.



Duración: Dúas sesións de 2 horas (4 horas)

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 350€ (+ desprazamento)

Transformámola aula! ⚡

Dende o debate e o traballo directo coas emocións e situacións de malestar dentro do grupo. Abordaremos o conflito dende as metodoloxías artístico-participativas.



Falamos?

Contacta para a consulta de orzamentos sen compromiso

Que idea/necesidade tes?

En Otonía non existen dúas intervencións iguais, adaptamos as nosas propostas ás vosas necesidades.

Contacta dende calquera dos medios dispoñibles para comezar o proceso creativo!



622 83 42 50 / 622 83 42 18 /
622 83 41 63



@outonia.coop



info@outoniacoop.gal



<https://outoniacoop.gal/>

